



# Coñeces Cerdido?





---

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO \_\_\_\_\_ p. 2
2. IDENTIFICACIÓN DA NOSA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA \_\_\_\_\_ p. 3
3. OBXECTIVOS \_\_\_\_\_ p. 4
4. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA \_\_\_\_\_ p. 6
5. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DEMAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA \_\_\_\_\_ p. 11
6. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN, ENTIDADES, ASOCIACIÓN OU EMPRESAS \_ p. 12
7. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO \_\_\_\_\_ p. 12
8. PLAN DE AVALIACIÓN \_\_\_\_\_ p.13
9. PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCÍONS E TAREFAS QUE VAI A REALIZAR O PROFESORADO IMPLICADO \_\_\_\_\_ p. 15
10. ALUMNADO PARTICIPANTE \_\_\_\_\_ p. 15



## COÑECES CERDIDO?

### 1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O CEIP A Barqueira está situado na parroquia da Barqueira, no Concello de Cerdido, un municipio pertencente á comarca do Ortegal, na provincia da Coruña, xunto cos de Cariño, Mañón e Ortigueira. Limita ao Norte con Cedeira, ao Leste con Ortigueira, ao Sur con Somozas e Moeche e ao Oeste con Valdoviño.

O noso centro conta actualmente cun total de 33 alumnos e alumnas, 9 en infantil e 24 na ensinanza primaria, agrupados nun total de 3 aulas mixtas.

Así, este proxecto xorde da necesidade de descubrir e de preservar a cultura e as características propias da zona de Cerdido e de coñecer as súas principais fontes de recursos (plantacións de arandos, historia das minas de cobre, castro de Cerdido, feiras da castaña e a cerdeira, festas populares, música...). É un proxecto común de investigación que pretende indagar na cultura do Concello de Cerdido e que terá como produto social relevante ou produto final un libro informativo interactivo así como diferentes vídeo-documentais de calidade que investiguen na cultura e na historia do noso concello, non só en lingua galega, senón tamén en linguaxe de signos, como forma de fomentar a inclusión das persoas con discapacidade auditiva tanto nos vídeos como na no material interactivo do libro. Así mesmo, preténdese que o alumnado constrúa o seu propio canal educativo de vídeo (incluíndo nel a linguaxe de signos) e se inicie no mundo das proxeccións holográficas para transmitir os contidos sobre a cultura da súa zona cunha difusión maior a través de Internet.

Nesta liña, observamos que o alumnado, pese a terlle un grande apego ao seu concello, non coñecía apenas nada sobre o pasado nin sobre o presente deste. Ademais, engadiuse a dificultade de atopar información sobre esta localidade, nin en libros nin mediante a rede. Por todo isto, xurdiu a idea de investigar e plasmar o indagado nun libro informativo interactivo, editado con calidade e veracidade, e en vídeos documentais que poidan formar parte da biblioteca do centro e dunha canle propia de vídeo a través da rede e mesmo ser doados a entidades como o concello, o centro de saúde, distintas asociacións de persoas con discapacidade auditiva etc.



## 2. IDENTIFICACIÓN DA NOSA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

A todo o exposto anteriormente, cómpre engadirlle que a situación sociolingüística deste centro foi analizada no pasado curso escolar 2016/2017 co fin de renovar o Proxecto Lingüístico de Centro e adaptalo ás melloras educativas e a situación actual do noso colexio.

Para a obtención dos datos relativos ao contexto sociolingüístico utilizouse información obtida na rede, nos mapas sociolingüísticos da zona e tamén unha enquisa específica. Deste estudo obtívose unha situación con “predominio da lingua galega”.

Por outra parte, as enquisas realizadas ao profesorado amosaron unha situación con predominio da lingua castelá na súa vida diaria, aínda que cos diferentes membros da comunidade educativa se realiza un uso maioritario da lingua galega.

Para analizar a situación do alumnado, elaboráronse dúas enquisas específica. A primeira, para o alumnado de educación infantil e o alumnado de primeiro a cuarto nivel de educación primaria, foi enviada aos domicilios para que a cubrisen os pais e as nais. O alumnado de quinto e sexto de primaria cubriu a enquisa no centro. Dos estudos realizados e da observación diaria podemos concluír que estamos ante un alumnado maioritariamente galegofalante, malia que non moi comprometido coa lingua galega, pois observamos como, aínda sendo a lingua predominante, segue a ser unha lingua desprestixiada socialmente e apréciase que os nenos e nenas cambian ao castelán cando queren utilizar unha linguaxe culta ou cando se comunican con persoas de fóra do seu contorno. Tamén constatamos que son sempre os galegofalantes os que cambian de lingua para comunicarse cos castelanfalantes e non ao contrario, pese a que son moitos máis os que utilizan a nosa lingua.

Finalmente, cómpre destacar que tanto o contexto sociolingüístico como o ambiente lingüístico do centro reflicten un contorno predominantemente galegofalante.

## 3. OBXECTIVOS

Chegados a este punto, cómpre destacar que tanto o libro informativo como os vídeo-documentais serán integramente realizados polo alumnado, a través de proxectos de investigación que teñan como produtos sociais relevantes os citados textos. Así mesmo, todo o alumnado do centro escolar será partícipe deste proxecto dende todas as áreas de coñecemento e adaptando os obxectivos aos diferentes niveis e etapas educativas, a través dunha gamificación guiada pola mascota da biblioteca escolar, o Trasnó Trouleiro.



Así, establecemos os seguintes obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos:

- Indagar, descubrir e coñecer os oficios que se desenvolven en Cerdido e os que se desenvolvían no pasado, así como a súa evolución ao longo do tempo.
- Indagar, descubrir e coñecer a música, danzas e xogos populares propios de Cerdido e a súa historia.
- Indagar, descubrir e coñecer as lendas e contos propios de Cerdido.
- Indagar, descubrir e coñecer receitas de cociña propias de Cerdido.
- Indagar, descubrir e coñecer a historia antiga de Cerdido.
- Realizar un libro informativo interactivo coa información atopada (sobre os puntos anteriores).
- Realizar vídeo-documentais de calidade coa información atopada (sobre os puntos anteriores).
- Crear unha canle propia de vídeo na rede para potenciar a difusión das pescudas realizadas.
- Concienciarse da importancia da inclusión de persoas con discapacidade.
- Iniciarse no coñecemento sobre a linguaxe de signos.
- Realizar vídeo-documentais en linguaxe de signos.
- Iniciarse na realización de proxección holográficas.
- Doar as creacións literarias e documentais xeradas.
- Implicar as familias e a comunidade nos proxectos de investigación do centro.
- Potenciar o uso da aprendizaxe baseada en proxectos.
- Implicar o concello na realización do proxecto.
- Colaborar e coordinarse con asociacións e entidades que fomentan a inclusión de persoas con discapacidade.
- Potenciar o uso da lingua galega entre a xente nova.
- Coordinar todo o centro escolar para a realización de proxectos comúns.
- Utilizar e potenciar o uso de ferramentas TIC en lingua galega.
- Dotar de rigorosidade científica e lingüística a historia de Cerdido.
- Mellorar as competencias clave do alumnado: competencia lingüística, conciencia e expresións culturais, matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía, aprender a aprender, dixital, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, social e cívica.



### 3.1. *Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo*

- Crear un libro interactivo sobre diferentes aspectos cultura de Cerdido.
- Realizar vídeo-documentais en lingua galega e de signos sobre a cultura de Cerdido.
- Crear un canal de vídeo en galego para potenciar a difusión da cultura de Cerdido.
- Implicar e motivar o 100 % do profesorado do centro na realización deste proxecto de investigación.
- Colaborar con entidades de inclusión de persoas con discapacidade.
- Colaborar e implicar o Concello de Cerdido.
- Implicar a toda a comunidade educativa no proxecto (familias, persoal non docente...).
- Usar a lingua galega e a linguaxe de signos con rigorosidade e corrección lingüística.
- Potenciar o uso da lingua galega a través da rede como medio de difusión.
- Coordinar a todos os equipos do centro na realización deste proxecto.
- Usar as ferramentas TIC e utilízalas para a promoción e difusión da lingua galega.
- Potenciar o desenvolvemento das competencias clave.
- Realizar un proxecto común no que se implique o 100 % do alumnado.
- Recibir formación na elaboración, maquetaxe e edición de libros e vídeos de calidade.

### 3.2. *Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo*

- Utilizar unha metodoloxía baseada en proxectos por parte de todo o profesorado do centro.
- Continuar coa realización de vídeo-documentais en galego e coa súa difusión mediante a rede.
- Conseguir que o alumnado sexa quen de realizar proxeccións holográficas.
- Continuar realizando libros interactivos.
- Iniciarse na inclusión de persoas con discapacidade visual na edición dos libros.
- Mellorar a competencia lingüística e dixital do alumnado, do profesorado e das familias.
- Realizar actividades de aprendizaxe-servizo que potencien a solidariedade do alumnado.

## **4. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA**

Tal e como se expoñía no apartado anterior, o CEIP da Barqueira atópase nunha situación privilexiada no relativo ao uso do galego, dado que é a lingua materna maioritaria do alumnado do centro. Daquela, as intervencións educativas a curto prazo non están orientadas ao fomento da fala



---

senón á mellora das actitudes fronte ao uso do galego e da súa normalización social, así como ao maior coñecemento da cultura galega e, máis concretamente, do seu propio concello.

Neste sentido, debemos destacar que este proxecto está intimamente vinculado coa biblioteca do centro, de forma que o seu eixo vertebrador será a súa mascota, o Trasnó Trouleiro.

A través da gamificación, o noso trasno aparecerá na web do centro e nas súas diferentes redes sociais, en fotografías de diferentes lugares do concello e ligado sempre a un código QR, que levará a unha entrada no citado blog (na palabra blog hai unha ligazón á páxina). Así, pretendemos que, a medida que avanza o curso, o noso alumnado vaia investigando e resolvendo os retos que lle propón o Trasnó Trouleiro sobre os diferentes aspectos máis representativos de Cerdido. Así mesmo, para suscitar a participación dos nenos e nenas e das súas familias, todo o proxecto forma parte dun concurso baseado na acumulación de puntos a medida que resolve retos. Así xeraremos no alumnado a necesidade de indagar sobre un tema concreto de Cerdido. Polo tanto, será un proxecto baseado na aprendizaxe por proxectos (en adiante ABP) e na aprendizaxe por retos (a través dos retos do trasno), que utilizará o cooperativismo e o traballo en grupos colaborativos, as aprendizaxes significativas e o desenvolvemento de procesos psicolóxicos de orde superior (análise, síntese, lóxica...).

Cómpre destacar que a aprendizaxe baseada en proxectos é a metodoloxía idónea para a atención á diversidade da aula, tal e como queda reflectido no Decreto 229/2011, que destaca a utilización de tarefas de aprendizaxe integrada.

A proposta de aprendizaxe que se presenta baséase nos estudos de Miriam Nemirovsky de aprendizaxe da lingua escrita. Nesta mesma liña, autores como Cassany illaron os procesos cognitivos de carácter executivo que interveñen no acto de escribir. Esta será a nosa metodoloxía de creación, como establece o Decreto 105/2014.

Por outra banda, todas estas metodoloxías activas requiren de moito debate, consenso e participación oral, que se realizarán usando a nosa lingua tal como nomea o citado decreto de currículo.

Ademais, o noso é un proxecto que quere implicar as familias como primeiro axente de socialización e, polo tanto, de comunicación lingüística. As titoras e titores de cada curso terán en conta este feito á hora de desenvolveren os seus traballos dentro da aula.

Na mesma liña, tentaremos traballar tendo en conta a teoría das intelixencias múltiples de Gardner, e sempre en galego.

Igualmente, achegámonos aos proxectos de “aprendizaxe servizo” ao lles doarmos os nosos libros a outras entidades e levarmos a nosa lingua a contextos diferentes.

Queremos tamén fomentar a creatividade e o pensamento lateral, buscando solucións novas a problemas cotiáns que van aparecendo e facendo os nenos e nenas partícipes deste labor.

Por outra banda, utilizaranse estratexias de gamificación na aula, é dicir, estratexias de xogo para que os contidos sexan máis significativos e para fomentar o interese polo seu desenvolvemento.

Respecto da aprendizaxe por retos, a través desta metodoloxía propónselles aos nenos e nenas unha serie de retos que deben acadar (a través do Trasnó Trouleiro). Estes retos lévanos a un tema concreto (oficios novos e antigos, castro de Cerdido, Fraga dos Casás...). Así, cada clase indagará sobre ese tema e traballará sobre el na aula (establecendo a relación curricular correspondente). Premendo AQUÍ, amósase un exemplo de como o Trasnó Trouleiro lle presenta os retos ao alumnado. Ademais, tamén se implican as familias. Na web oficial do CEIP da Barqueira pódense ver todos os retos propostos.

Así mesmo, pretendemos potenciar que o alumnado se conciencie no respecto á diversidade e se inicie na linguaxe de signos, para favorecer a integración e a inclusión das persoas con discapacidade auditiva e, nun futuro próximo, tamén con discapacidade visual.

Por último, os nosos libros seguirán a filosofía das licenzas Creative Commons, e, polo tanto, traballaremos co alumnado a importancia da propiedade intelectual e de citar as fontes de información. Serán editados en CC BY SA, compartir igual.

#### 4.1. Actividades de desenvolvemento (título, breve descrición obxectivos, metodoloxía, xestión e temporalización)

TÍTULO DOS PROXECTOS (ou tarefas)	OBXECTIVOS	METODOLOXÍA	TEMPORIZACIÓN	AULA/S DENDE AS QUE SE DESENVOLVE
Elaboración dun capítulo do libro interactivo que afonde na Fraga dos Casás, así como na súa flora e fauna.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio forestal propio de Cerdido, valoralo e velar pola súa conservación.</li> <li>- Iniciarse na gravación de vídeos e de códigos QR e realidade aumentada.</li> <li>- Iniciarse na linguaxe de signos, para poder gravar o aprendido nesta linguaxe.</li> </ul>	<p>ABP</p> <p>Códigos QR</p> <p>Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky</p> <p>Tipoloxía textual: o texto informativo</p>	1º trimestre	<p>4º, 5º e 6º de EI</p> <p>1º, 2º e 3º de EP</p>



<p>Elaboración dun capítulo do libro informativo interactivo sobre historia de Cerdido, en relación coas súas festas e feiras propias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e comprender a evolución histórica do concello, os cambios que sucederon no tempo e a relación deste coas festas e feiras populares.</li> <li>- Iniciarse na gravación de vídeos e de códigos QR e realidade aumentada.</li> <li>- Iniciarse na linguaxe de signos, para poder gravar o aprendido nesta linguaxe.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky Tipoloxía textual: o texto informativo</p>	<p>2º trimestre</p>	<p>Biblioteca escolar  4º, 5º e 6º de EI  1º, 2º e 3º de EP  4º,5º e 6º de EP</p>
<p>Elaboración dun capítulo do libro informativo interactivo sobre historia de Cerdido, en relación co seu castro e coa cultura castrexa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagar, descubrir e coñecer a evolución histórica do concello, fundamentalmente o seu pasado en relación coa cultura castrexa.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	<p>2º trimestre</p>	<p>4º, 5º e 6º de EI  1º, 2º e 3º de EP  4º,5º e 6º de EP</p>
<p>Elaboración e impresión dun capítulo do libro interactivo baseado en receitas propias de Cerdido con códigos QR e realidade aumentada que o asocien cos vídeos das tarefas de aprendizaxe integrada onde realizan algunha das devanditas receitas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer a variedade gastronómica da zona e o seu desenvolvemento.</li> <li>- Iniciarse na gravación de vídeos e de códigos QR e realidade aumentada.</li> <li>- Iniciarse na linguaxe de signos, para poder gravar o aprendido nesta linguaxe.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Realidade aumentada Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky Tipoloxía textual: o texto instrutivo</p>	<p>1º,2º, 3º trimestre (trátase dun traballo que se irá recompilando, en cada unha das clases do centro, ao longo do curso, coincidindo coas festividades: Samaín, Nadal, Carnaval...).</p>	<p>4º, 5º e 6º de EI  1º, 2º e 3º de EP  4º,5º e 6º de EP</p>



<p>Recollida e redacción dun capítulo do libro baseado en lendas e contos propios de Cerdido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagar e descubrir lendas e contos populares propios de Cerdido, redactalos e ilustralos con calidade, iniciarse na gravación de vídeos sobre eles e de códigos QR e realidade aumentada.</li> <li>- Iniciarase na linguaxe de signos, para poder gravar o aprendido nesta linguaxe.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Realidade aumentada Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky Tipoloxía textual: o texto narrativo</p>	<p>1º, 2º, 3º trimestre</p>	<p>Biblioteca escolar</p>
<p>Realización dun capítulo do libro que conteña os oficios máis destacados da comunidade e a súa evolución histórica, e unha análise comparativa coa actualidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagar e descubrir os oficios máis salientables en Cerdido e afondar na súa evolución histórica.</li> <li>- Iniciarase na linguaxe de signos, para poder gravar o aprendido nesta linguaxe.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky Tipoloxía textual: o texto informativo</p>	<p>2º e 3º trimestre</p>	<p>Biblioteca escolar 4º, 5º e 6º de EI 1º, 2º e 3º de EP 4º, 5º e 6º de EP</p>
<p>Recollida de información acerca dos xogos populares que se levan e levaban a cabo en Cerdido e redacción dun capítulo do libro interactivo sobre eles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagar e descubrir acerca dos xogos populares e elaborar un capítulo libro interactivo e gravación de vídeos con exemplificacións deses xogos.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky Tipoloxía textual: o texto informativo e o texto instrutivo Traballo cooperativo</p>	<p>3º trimestre</p>	<p>Área de EF (todos os cursos)</p>
<p>Recollida de información acerca de danzas e música tradicional que se leva a cabo en Cerdido e redacción dun capítulo do libro interactivo sobre este tema.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagar e descubrir acerca das danzas e da música propia da zona, elaborar un libro interactivo e gravar vídeos con exemplificacións desas danzas e músicas.</li> </ul>	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky Tipoloxía textual: o texto informativo e o texto instrutivo Traballo cooperativo</p>	<p>1º, 2º, e 3º trimestre (Trátase dun traballo que se irá recompilando ao longo do curso, coincidindo coas festividades: Samaín, Nadal, Carnaval...).</p>	<p>Área de Ed. Musical (todos os cursos)</p>



Redacción, maquetaxe e impresión do libro de Cerdido.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ler, revisar e reelaborar os textos creados con anterioridade, como parte do proceso creativo.</li> </ul>	Fases do proceso creativo de Cassany	3º trimestre	4º, 5º e 6º de EI 1º, 2º e 3º de EP 4º,5º e 6º de EP
Edición dos vídeos orais con linguaxe de signos e inclusión destes no libro a través da realidade aumentada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ler, revisar e reelaborar os guións realizados con anterioridade.</li> <li>- Memorizar os guións e gravar os vídeos para realizar a parte interactiva do libro a través da RA.</li> </ul>	Fases do proceso creativo de Cassany	1º, 2º e 3º trimestre	4º, 5º e 6º de EI 1º, 2º e 3º de EP 4º,5º e 6º de EP
Presentación dos libros á sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Implicar as familias.</li> <li>- Programar e realizar os actos de doazón de libros a outras institucións.</li> <li>- Elaborar notas de prensa, carteis e outros textos publicitarios para darlle difusión á iniciativa.</li> <li>- Desenvolver outras iniciativas que vaian xurdindo.</li> </ul>	Aprendizaxe cooperativa Tipoloxía textual: o texto informativo Técnicas de exposición oral	3º trimestre	4º, 5º e 6º de EI 1º, 2º e 3º de EP 4º,5º e 6º de EP
Creación dunha canle de vídeo do centro, onde o alumnado poida expor o indagado e aprendido.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crear unha canle de vídeo en galego.</li> <li>- Inserir na canle os vídeos de calidade en lingua galega creados nas tarefas anteriores.</li> <li>- Difundir a canle e darlle publicidade.</li> </ul>	Aprendizaxe cooperativa Técnicas de exposición oral Uso e manexo das TIC	3º trimestre	4º, 5º e 6º de EI 1º, 2º e 3º de EP 4º,5º e 6º de EP



## **5. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DEMAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

### *5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto*

O proxecto Coñeces Cerdido? pretende ter un grande impacto en todos os membros da comunidade educativa, desde o máis próximo ao máis afastado. Participaran todas as partes que a conforman xa que, como comentabamos anteriormente, o 100 % do alumnado do centro (tanto de educación infantil como de educación primaria) formará parte deste traballo de investigación, que se adaptará aos seus coñecementos, nivel, intereses e motivacións.

Ademais, está sendo traballado en todos os niveis e especialidades, de modo que involucra o 80 % do persoal docente, dende os diferentes titores e titoras aos especialistas, que abarcan aqueles aspectos máis ligados a súa materia.

Por outra parte, tamén o persoal non docente está comprometido co proxecto, xa que o cociñeiro do comedor colabora na elaboración dalgunhas receitas típicas do Concello, como xa ocorreu na celebración do Samaín e Magosto.

Así mesmo, contamos cunha moi importante implicación familiar, a través do concurso Coñeces Cerdido? guiado pola mascota da biblioteca escolar, o Trasno Trouleiro; neste caso, unha parte do traballo desenvólvese fóra do centro, de maneira que as diferentes familias colaboran e axudan sempre que o precisamos, e mellora a cooperación familia – escola, a calidade educativa e o éxito escolar.

Alén diso, pedirase a colaboración do Concello para a realización dos diferentes eventos, fundamentalmente os relacionados coa presentación do proxecto, unha vez concluído, así como tamén para conseguir información sobre diferentes aspectos de Cerdido (dada a dificultade de atopar a referida a algúns temas doutro modo). Poñerémonos tamén en contacto co centro de saúde e coa biblioteca municipal.

Por outra banda, preténdese colaborar de maneira estreita coa Asociación de Persoas con Discapacidade Auditiva de Ferrol (AXF).

Finalmente, tentaremos atopar persoas que nos veñan falar sobre como se fai un libro: creación e maquetaxe. Para isto, tentaremos tamén visitar unha imprenta da zona.



## 5. 2. Recursos materiais que se van mobilizar

Ademais dos recursos propios do centro (instalacións...) e dos utilizados na elaboración dun proxecto de traballo destas características, precisaremos fundamentalmente recursos que involucran as TIC para a elaboración dos diferentes libros interactivos e vídeo–documentais. Así, será de utilidade, para que este proxecto poida desenvolverse con calidade, unha serie de materiais (especificados no apartado 8, de orzamento): editoriais que desenvolvan libros de calidade (Blurb, LuLú...), Ipads e ordenadores de calidade, programas para a edición e elaboración de vídeos e hologramas como Adobe Premier (pois, como se explicou no punto 3.2, pretendemos que o alumnado se inicie na construción de proxeccións holográficas para o próximo ano), material funxible, trípodas, equipos de son e vídeo e outros que podan xurdir. Igualmente, precisamos ferramentas para crear códigos QR asociados á páxina web do centro e ás súas diferentes redes sociais. Daquela, a maior parte dos nosos recursos materiais serán os tecnolóxicos.

## 6. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

A colaboración entre institucións queda reflectida ao longo de todo o proxecto. Salientamos novamente as seguintes:

- Familias e ANPA: ao longo do noso proxecto reflíctese a importancia de que a comunidade educativa se implique e participe tanto no desenvolvemento deste como na súa difusión. Existirá unha colaboración directa coas familias, en consonancia co artigo 7 do Decreto 105/2014.
- Concello de Cerdido: cómpre destacar a colaboración do Concello de Cerdido, que está a prestar persoal cualificado para afondar nos diferentes temas, como no do castro: neste caso, contaremos coa presenza de paleontólogos e arqueólogos asignados por esta entidade ou coa persoa responsable de normalización lingüística, que colaborará na corrección dos termos máis específicos.
- Outros concellos: Así mesmo, contamos coa colaboración de biólogos e gardas forestais do Concello de Pontedeume, para indagar sobre o concepto de fraga e da súa flora e fauna.
- AXF: Tamén pretendemos colaborar coa Asociación de Xordos de Ferrol (AXF), para a elaboración e asesoramento dos vídeos inclusivos con linguaxe de signos.



- Centro de saúde: colaborarase con el para doarlle exemplares dos textos xerados para a sala de espera da área de pediatría.
- Biblioteca municipal: un dos obxectivos deste proxecto é doarlle á biblioteca municipal un exemplar do libro, coa finalidade de fomentar a presenza de textos informativos e científicos na lingua galega.

Por outra parte, a idea principal do proxecto e ir contactando progresivamente con todas aquelas entidades e institucións especializadas que nos poidan ir achegando unha maior cantidade de datos e para contrastar a información que iremos recollendo progresivamente. Nesta liña, intentaremos tamén traballar coa plantación de arandos (a maior do Norte de España), un dos cultivos que caracterizan o concello onde nos atopamos.

## 7. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

A difusión do proxecto realizarase a través das seguintes canles:

- Doándolles os libros ás diferentes institucións, como ao propio Concello de Cerdido, á biblioteca municipal, ao centro de saúde, ás diferentes familias e a outros centros educativos
- Facendo reunións de presentación coas familias dentro do colexio e entre aulas.
- A través da páxina web, do *Facebook* e do *Instagram* do centro.
- A través dos xornais. Os alumnos e alumnas escribirán posibles notas de prensa.
- A través da creación dunha canle de vídeo mediante a web, onde o alumnado poida divulgar os seus vídeos.
- Por medio da exposición na rúa das obras creadas por datas sinaladas como o Día do Libro e as Letras Galegas ademais dalgún día de feira.
- Mediante a elaboración de anuncios (carteis, trípticos, marca páxinas...) para as presentacións públicas.
- Ademais, ao longo do proxecto, o noso Trasno Trouleiro estará situado en diversos lugares do Concello xunto cun código QR, que lle permitirá acceder a información básica sobre o lugar en cuestión a toda aquela persoa que o localice.



## 8. PLAN DE AVALIACIÓN

O desenvolvemento e a consecución dos obxectivos propostos, así como a mellora destes, se son acadados, será fundamental para valorar o impacto do proxecto no coñecemento entre o alumnado da cultura da súa propia zona e na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa. Para isto, utilizaranse mecanismos de observación indirecta, como [rúbricas](#) que valoren o grao de consecución dos criterios de avaliación que se expoñen a continuación.

Así mesmo, ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto utilizaranse mecanismos de observación directa, tales como o [registro anecdótico](#) no que anotaremos as conclusións e aspectos relevantes das tarefas propostas, o que nos pode dar lugar a establecer cambios na práctica ou reformulación de estratexias cara a outras máis efectivas.

Ao remate das actividades deseñadas durante este curso escolar, outorgaráselle ao [alumnado un cuestionario](#) no que serán el o encargado de avaliar as tarefas realizadas no que ao interese e motivación se refire.

A partir da información obtida nas citadas rúbricas, nos rexistros anecdóticos e na autoavaliación, presentaremos as conclusións pertinentes na memoria do proxecto. Se se infire deles que os obxectivos foron acadados, isto significará que o impacto na comunidade educativa tamén foi positivo; no caso contrario, poderemos incidir directamente a través de propostas de mellora ou reformulación destes e valorar logo se o impacto na comunidade educativa foi positivo e se fomentou a utilización da lingua galega e o coñecemento entre o alumnado da cultura da súa comunidade.

Os criterios de avaliación deste proxecto son os seguintes:

- Indagar e coñecer parte da cultura popular propia de Cerdido.
- Deseñar e realizar un libro informativo de calidade en lingua galega, con corrección gramatical e calidade lingüística.
- Deseñar e realizar vídeos de calidade en lingua galega, con corrección lingüística.
- Deseñar e realizar vídeos de calidade en linguaxe de signos.
- Iniciarse na construción dunha canle propia de vídeo na rede.
- Iniciarse nas técnicas de proxeccións holográficas para transmitir a información atopada.
- Difundir os proxectos creados.
- Implicar a comunidade educativa no desenvolvemento deste proxecto.



- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave: lingüística, aprender a aprender, dixital, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais, matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía, social e cívica.
- Fomentar unha aprendizaxe construtivista a través de metodoloxías activas, como a aprendizaxe por proxectos, por retos e a través da gamificación.

## *9. 2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.*

A edición dun libro con calidade e rigorosidade científica en lingua galega daralle a esta un status que o alumnado en ocasións non lle outorga (tal e como se especificou no punto 2), ao ser utilizada nun contexto científico e non quedar relegada ao ámbito familiar). Así mesmo, ao difundilo coa colaboración de diferentes entidades a súa repercusión será maior.

Por outra banda, os vídeos realizados para a parte interactiva, ao ser transmitidos a través dunha canle de vídeo escolar, provocarán unha maior difusión, non só da lingua galega, ao divulgala a través de Internet, senón tamén da cultura de Cerdido, da cal apenas existen documentos escritos. Os vídeos a través da rede son unha forma de comunicación que ten un impacto moi positivo entre os rapaces e rapazas, e favorecerán o uso da lingua galega nesta etapa.

Tal e como quedou recollido anteriormente, esta proposta de aprendizaxe permite traballar e favorecer a linguaxe escrita, coa motivación engadida de que son os propios nenos e nenas os que realizan a totalidade do traballo, de maneira que terán que buscar a corrección gramatical e ortográfica adecuada para que o noso traballo quede recollido nun libro interactivo. Así, terá que haber un traballo de planificación, redacción a partir de borradores e redacción e revisión do texto definitivo.

Por outra parte, este tipo de metodoloxía presentada require moito debate, consenso e participación oral, que se realizará empregando sempre a lingua galega para comparar, contrastar respostas, opinións e significados; debater, tomar decisións, valorar tarefas, defender argumentos...

Igualmente, preténdese que, a través de todo este proxecto, os nosos nenos e nenas sexan capaces de valorar máis a súa historia e a súa cultura e en especial, a lingua galega.





## 9. PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCÍONS E TAREFAS QUE VAI A REALIZAR O PROFESORADO IMPLICADO

PROFESORADO	FUNCÍONS
<b>Lidia Casal Prieto</b>	<p>Directora. Coordinadora do EDLG. Titora de EI.</p> <p>Velar polo cumprimento do proxecto e pola súa corrección lingüística.</p> <p>Levar a cabo accións para a comunicación e difusión do proxecto e relación coa contorna. Velar polo cumprimento do proxecto e a súa aplicación. Fomentar e apoiar a participación do profesorado. Poñer á disposición das persoas participantes os recursos materiais e humanos do centro. Apoiar e axudar na coordinación do proxecto. Asesorar en metodoloxías activas de aprendizaxe (ABP). Difusión de experiencias.</p>
<b>Araceli María Montes Prieto</b>	<p>Coordinadora do proxecto. Titora de 1º, 2º e 3º de EP. Coordinadora TIC.</p> <p>Asesorar e axudar con todo o material técnico e informático do centro. Realizar a actualización da páxina web. Asesorar o profesorado durante o desenvolvemento do proxecto. Establecer canles para a difusión e poñerse en contacto coas entidades colaboradoras. Impulsar actuacións tendentes á ampliación e mellora. Orientar o profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles. Actuar de enlace coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.</p>
<b>Rosario Rodríguez Bustabad</b>	<p>Titora de 4º,5º e 6º de EP.</p> <p>Velar polo cumprimento do proxecto e súa corrección lingüística. Axudar e colaborar na súa difusión e co outro grupo. Revisar o impacto que este produce na situación sociolingüística do centro e incluír propostas de mellora nos diferentes plans relacionados coa lingua galega.</p>
<b>Carmen Rodríguez González</b>	<p>Coordinadora da biblioteca escolar.</p> <p>Asesorar o profesorado nas licenzas de uso e publicación de contidos. Dinamizar o proxecto e colaborar na busca de recursos.</p>
<b>Bárbara Cerviño Expósito</b>	<p>Asesorar na utilización da linguaxe de signos. Realizar a adaptación para casos de alumnos/as con NEAE. Servir de axente comunicativa co DO. Colaborar no uso das TIC: códigos QR e apoio nas gravacións. Difundir o proxecto.</p>



## 10. ALUMNADO PARTICIPANTE

EI	9 alumnos e alumnas
1º, 2º E 3º de EP	11 alumnos e alumnas
4º, 5º e 6º de EP	13 alumnos e alumnas
TOTAL ALUMNADO	33 (o 100 % do alumnado do centro)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.E.I.P. DA BARQUEIRA**

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipbarqueira/>

Felgasas s/n  
15569 A Barqueira – Cerdido  
A Coruña

Tfnos 881 930 105 – 881 930 103  
[ceip.barqueira@edu.xunta.es](mailto:ceip.barqueira@edu.xunta.es)

